

CAPÍTULO 4



SON O POETA que cruzou o OCÉANO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

TEXTO DE LECICIA COSTAS

ILUSTRACIONES DE BLANCA MILLÁN



PRIMAVERA DAS LETRAS




REAL ACADEMIA GALEGA

UN BARCO CHAMADO IPANEMA

A bordo do Ipanema iamos case mil tripulantes. Eramos refuxiados políticos. A ver se consigo explicalo ben: todas as persoas que viaxabamos nese barco tivemos que fuxir ao estranxeiro buscando protección. Nas nosas casas corriamos perigo. Pensa no que lle sucedeu a Ánxel Casal. Non era eu o único galego a bordo do Ipanema, había moitos outros. Ao pasar á altura das costas galegas fixemos algo emocionante. Xuntámonos, cantamos o himno galego e botamos ao mar unha botella cunha despedida. Ninguén sabía se algunha vez poderíamos regresar, os sentimentos eran coma paxaros nunha gaiola. Soñabamos con voar en liberdade, mais era imposible.

O barco non estaba nas mellores condicións. De feito, a hélice rompeu e tivemos que parar en Martinica para reparala. Durante aquelas semanas, todo era azul. Azul a babor, azul a estribor, azul a proa e azul a popa. O océano era infinito, igual ca o ceo.



Durante a travesía escribimos un diario de a bordo. Era unha especie de xornal onde redactabamos noticias, dabamos o parte meteorolóxico e tamén contabamos anécdotas que sucedían no barco. Ah! E inventamos unha sección de pasatempos cun concurso para a tripulación. Quen acertase todas as solucións podía escoller de premio entre produtos coma unha pastilla de xabón ou pasteis, por exemplo. Agora semellan cousas parvas, sen importancia, pero naquelas circunstancias viviámolo coma unha especie de ilusión cara a un futuro mellor.



Tras vinte e cinco días de travesía chegamos á cidade de Veracruz, en México. Tardamos un mundo en chegar, pero é que estaba case a nove mil quilómetros de Bordeos. Cando baixamos do barco case caio, coma se xa non soubese camiñar sobre terra firme. Igualiño que cando xogas a dar voltas coma unha buxaina e logo queres ir en liña recta e resulta imposible. Mais axiña me recuperei. De feito, a primeira noite en Veracruz fomos bailar. Eu nunca perdía a oportunidade de pasalo ben, malia que as circunstancias fosen difíciles. O que me gustaba a min unha festa!





A chegada ao novo país impresionoume. Alí todo era diferente e novo: a paisaxe, o xeito de falar, os costumes... É curioso, estando tan lonxe da casa sentía que o meu amor por Galicia non deixaba de medrar. E, como era un fedello, axiña empecei a sacar adiante novos proxectos: participei na creación da revista *Saudade*, ata traduciamos os anuncios ao galego! E puxemos a andar tamén a revista *Vieiros*.

Queríamos que fose a máis impresionante do mundo galego e coidamos moitísimo a lingua. Xa sabes a rabia que me daba a min o castrapo. A xente quedara moi sorprendida da calidade da revista. Espera, espera, que quero ver as caras pasmadas, que para iso teño esta máquina. A ver... Uf, véxoos moi borrosos. Un momentíño, que lle dou á roda... Agora siiiii! Aí están pasando as follas de *Vieiros*... Como dirías ti? Alucinados? Pois iso, están alucinados! Non quero semellar un presumido, pero a revista era unha pasada!



En México tiven varios traballos. Primeiro, axudando a outras persoas que, coma min, eran refuxiados que chegaban ao país na procura dun futuro e precisaban unha man amiga que os auxiliase. Logo, como vendedor de fertilizantes, máis adiante como vendedor de xamóns, aceites, pólizas de seguros, roupa... Fixen de todo! Mesmo houbo unha época en que intentei vender produtos de Valdeorras, coma viño ou augardente.

Un amigo meu chamado Elixio Rodríguez dicía que eu era tan mal vendedor, que daba a risa. A min isto non me botaba para atrás. Se non me ía ben nun traballo, buscaba outro, sempre cun sorriso nos beizos.



Talvez o máis importante que tiven foi o de comercial dunha empresa de calzado. Non tes idea de por que razón digo isto. Talvez ese traballo que acabo de mencionar non che pareza que ten unha gran relevancia. Tivo relevancia para o meu corazón. Xa intúes por onde vou, eh? Grazas a ese emprego coñecín a Celia, que traballaba nunha zapatería. Os seus pais eran emigrantes galegos. Xa ves que che conto cousas moi persoais. Esta parte é unha das máis bonitas da miña vida. Tanto me gustaba Celia que lle escribía cancións. Vou poñer aquí unha estrofa, pero non vale rir!:

"Non te cases cun ferreiro, qui qui ri qui
que son malos de lavare, ai la la la
cásate cun avogado, qui qui ri qui
inda que venda zapatos, ai la la la"

Celia e eu fixémonos mozos e... Tachán! Agarda, que poño a roda dos prismáticos no día da nosa voda. É verán e no aire flota un doce recendo a flores e doces. Os convidados aplauden, cantan e bailan. Case podo agarrar a felicidade coas miñas mans. Síntoa moi forte aquí, no centro do meu peito. Foi un día imposible de esquecer. Que guapa estaba Celia. Véxoa a través destas lentes e éntranme ganas de abrazala moi forte, como só se abraza as persoas que queres de verdade.



Cando cheguei a México non podía imaxinar o que me deparaba alí a vida. Celia e mais eu tivemos cinco fillos. Fai memoria, lémbreste do que che dixen dos Florencios da miña familia? Adiviña o nome que lle puxemos ao noso primeiro fillo. Pois claro que si, Florencio!


Durante eses anos inventei un novo estilo de poemas. Gústame chamarlles «poemas crioulos». Mesturaba elementos da Galicia que tanto botaba de menos con elementos mexicanos: música, baile, natureza, xentes e vivencias que fun adquirindo durante todos eses anos no país que me acolleu.

Por mesturar, mesturei mesmo a fala! Xogaba a unir palabras que se empregaban en México con xiros do xeito de falar de Valdeorras. Era unha maneira de ter sempre presente Córgomo. Era moi coidadoso na escolla das palabras, non me conformaba nunca coa primeira que me viña á cabeza. Estou lembrando un poema moi bonito titulado Volta, que dicía así:

"Pola ridente alborada
vai o tren, cara o meu lar,
tanxendo unha pandeirada,
coa lediza de voltar"



Outra cousa que fixen nesta época foi traducir ao galego libros de poemas de autores que escribían noutras linguas. Sobre todo, en francés, pero tamén en inglés. Mesmo gañei un premio de tradución! Se o pensas, ata agora tan só che falei dun libro meu de poemas. Iso é porque tardei anos en publicar o seguinte. Sucedeu no ano 1963. Eu xa era un home de sesenta anos. Estoume vendo agora mesmo e teño a sensación de que a miña vida correu a toda velocidade, coma ese tren que imaxinaba indo cara ao meu lar, tanxendo unha cantiga. Ese libro de poemas que publiquei con sesenta anos titulouse *Galicia Infinda*.



Estamos xa achegándonos ao final desta aventura. Por esta época empezou a andarme na cabeza a idea de regresar a Córghomo. Había outras persoas exiliadas, coma min, que volveran á casa, así que pensei: e por que non o vou facer eu? Fíxeno. Mais esta vez non fun en barco. Desta volta viaxei en avión. Que nervios pasei e que emocionante foi o regreso, logo de tantísimos anos fóra da casa.



Puiden ver a moitas persoas queridas, algunhas da familia e tamén amigos aos que botara tanto de menos que moitas veces, cando pensaba neles, empezaba a doerme o peito. Que cambiados estaban todos! Pasara demasiado tempo, mais por dentro seguían sendo os mesmos.

Na miña visita a Galicia aproveitei para estar con moita xente á que admiraba, escritores, editores, políticos... De feito, cando volví a México quixen convencer a miña familia de que era bo momento para nos mudar para sempre a Galicia, mais Celia e os meus fillos xa estaban tan afeitos ao novo país que non puido ser.

O que si puido ser foi ir de novo de visita outras dúas veces. Mesmo me acompañou Celia. Foi bonito poder regresar. Daquela eu xa tiña os meus anos, mais seguín publicando libros: un titulado *Cantarenas* e outro titulado *O soño do guieiro*. Este último publiqueino no ano 1986, uns meses antes de morrer.



Ai, que raro se me fai falar da miña propia morte. É máis sinxelo falar da morte dos demais. Pero para iso me contrataron, tal e como che dixen ao inicio deste relato: para falar da miña vida.

E O FINAL DA MIÑA VIDA SUCEDU A MILES E MILES DE QUILÓMETROS DE CÓRGOMO: EN FAIR OAKS. TES IDEA DE ONDE ESTÁ? VOUCHO DICIR EU: EN CALIFORNIA, ESTADOS UNIDOS. VEÑA, BÚSCAO NUN MAPA, ASÍ VES A DISTANCIA Á QUE ME ATOPABA.



Pero non penses que despois da miña morte quedei alí, en California. Diso nada! Eu volví a Corgomo, que é desde onde che estou a narrar toda esta historia. Porque o importante non é onde te atopas, o importante é onde está o teu corazón. O meu, agora mesmo, latexa en todos os poemas que escribín. Estou seguro de que se les algún vas lembrarme con agarimo e vas atopar o Florencio festeiro, o Florencio divertido, o Florencio a quen lle gustaba cantar, bailar, coidar a lingua. O Florencio Korgomófilo.



Íache dicir que agora que se pode dicir que ti e mais eu temos unha amizade, podes chamarme Floren. Mais prefiro que me chames Korgomófilo ou Nabet, ou Xan do Sil, ou Gurri... Escolle o que máis che guste. Pero, por favor, nunca te esquezas de min. Leva para sempre a miña historia dentro de ti e fálalle de min a moita xente. É o único xeito de manterme vivo. E ti non queres que eu morra de todo, eu ben o sei. Grazas por escoitarme dentro da túa cabeza mentres lías todo isto. Foi un verdadeiro pracer. Dáme un chisco de pena dicir adeus, así que prefiro dicir:

ATA SEMPRE!

"Vente, ventinho do Norte,
vente, ventinho norteiro
a cantarme, nos ouvidos,
a canción do frío inverno;
traime lembranzas dos montes
de branca neve cubertos;
de parte da branca neve,
ven darme xiado beixo"





Un proxecto da



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Co apoio da



Deputación
DA CORUÑA